



SAÚDO DO PREGOEIRO



É para min unha grande honra como nativo e colleiteiro desta terra, atoparme neste palco 31 anos despois de dar "As Vivas" como presidente das Festas Dos Mozos de Gela, para leer o pregón da X Festa do Viño Tinta Femia de Gela como presidente da Asociación de Veciños de Viticultores San Martiño de Bueu.

Quero por elo expresar o meu máis sincero agradecemento o Comité Organizador da Festa e a Asociación de Veciños Santa María de Gela, que me brindan esta oportunidade de compartir estes gratos momentos de ledicia con todos vós.

Estamos na X Edición desta festa, e esperemos que non decaia, eu particularmente espero voltar a ler outro pregón neste mesmo palco, aínda que sexa dentro de outros 31 anos, e vos que o escoitedes.

Xuntamonos aquí entonso e noso Tinta Femia, uns dinlle Gaiño Tinto, outros Vitis Vinifera, outros Lágrima de Cristo, de calquer xeito a verdade é que está moi bo. E según din os estudiosos, como o caso de Xavier Castro (Catedrático de Historia da Univer. de Santiago de Compostela) autor do libro "A la sombra de los parrales", o Tinta Femia, é un viño **MERCIÑEIRO**, conta el que é unha persoa de clase media, con afección artísticas, expresivo da confianza popular nas virtudes benéficas do Tinta Femia: "Unha señora estaba internada nun hospital de Zurich, en estado de agonía. Tiña esta señora un fillo que confiaba en certas fórmulas terapéuticas tradicionais que gozaban de moita aceptación popular no seu país, ideou un procedemento co que conseguiu burlar a estricta vixilancia do persoal sanitario suízo, e introduciu no recinto unha botella de tinta femia, grolíño a grolíño, foilla dando de bebe a súa nai, sin que esta lle fixera ascos. O cabo de pouco empezou a reanimarse, e aínda tirou así uns meses. Eu particularmente teño moi claro, miña nai con 87 anos, so bebe Tinta Femia, a auga escarballe no estómagos.

Tamén teño que dicir que funciona como un espléndido **ELIXIR RECONSTITUIRTE**, vos vou a por un exemplo:

Como muitos de vós sabedes alá polos anos 80 nesta aldea tivemos un equipo de futbol (G.D. CELA), que chegou a ser campeón de Liga e Copa, formado por catro amigos, frente a equipos feitos a golpe de talonario e moito máis novos ca nós. O éxito daquel equipo estaba fundamentado en tres pilares:

1- Fortaleza Física 2- Disciplina Táctica 3- **ELIXIR RECONSTITUIRTE**

Tan grande era a identificación co Tinta Femia, que o noso escudo era un barril cuberto cunhas cepas de Tinta Femia, nun cuadro feito pa ocasión por Manuel Lledó (Manuel O Pintor).

Por anécdotas estaríamos falando hasta mañán, pero non quero rematar este pregón sin dirixirme a "alma mater" desta festa, "OS COLLEITEIROS".

A todo eles animalos a seguir na teima, pero quisera desde a miña modesta opinión concienlos a traballar máis pola **CALIDADE**, que pola **CANTIDADE**, e moito máis fácil de vender 100 botellas de 1ª calidade, que 50 de 2ª, e gáñase máis cartos con 100 de 1ª, que con 200 de 2ª, nos Furanchos tamén é máis rentable vender 200 litros de 1ª que 400 de 2ª, porque véndelos moito antes, e gasta moito menos en comida e persoal.

E sin máis, unha forte aperta. salud e amizade para todos (os cartpos que non falten), dentro de 31 anos máis outro pregón.



Gela, 30 de Xuño de 2007
FERNANDO GARCÍA CERDÓN

